



Abre o prazo de inscrición para o ciclo de concertos didáticos de órgano na igrexa de san salvador de celanova 2018

Un ano máis e de forma gratuíta, os centros escolares de Galicia teñen a oportunidade de participar no ciclo anual de Concertos Didáticos de Órgano na Igrexa de San Salvador de Celanova promovido polo Concello de Celanova e patrocinado pola Secretaría Xeral de Cultura.

Este ciclo de concertos, impartido pola profesora de órgano do Conservatorio Profesional de Ourense e excepcional organista, Marisol Mendive, trátase dunha actividade única en Galicia que mestura dun xeito moi participativo, o coñecemento dos segredos dun órgano histórico coa interacción musical dos propios alumnos e alumnas co maxestuoso instrumento, ó gozaren da oportunidade de interpretaren cos seus propios instrumentos varias pezas musicais acompañados polos poderosos sons do órgano.

Máis información na seguinte [ligazón](#) .

---